




# ESPERANTE - BALDOMIR

Club de Montaña O Carroucho

11 de Febreiro de 2012

**A** Ruta do Río Lor é unha nova proposta turística e de sendeirismo para os amantes da natureza. O nome vai asociado a un dos ríos máis importantes da provincia de Lugo, O Lor. Río de augas rápidas e cristalinas nace no Cebreiro (Pedrafita do Cebreiro) e desemboca no río Sil, en Augasmestas, concello de Quiroga (Ribeira Sacra).

O percorrido está plantexado en etapas, xa que entre o punto de inicio (O Cebreiro) e o final (Augasmestas) distan 68 km. Durante estes 68 km. o camiñante descubrirá os



auténticos encantos da Galicia do interior, con paraxes de natureza pura, unha flora e unha fauna ricas en variedade e a etnografía propia dos rincóns de montaña.

Hoxe propoñemos continuar coa 3ª e 4ª etapa do mítico percorrido de 68 km. a carón do RIO LOR. Os 16 km. de ruta, é un fermoso camiño que discorre case completamente paralelo ao río Lor, a través dalgún dos soutos máis grandes do Courel e morada de varios edificios tradicionais, como sequeiros, cortíns e ouceiras. Ademais, durante a xira podemos visitar varias aldeas das montañas, A Campa, Baldomir, pasando polas inmediacións do gran Castro de Vilar, considera- do o máis importante do Courel.

O atractivo desta ruta, que reivindica o turismo interior e o turismo sostible, radica, entre outras cues-

**Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte**

## Datos Básicos

Comezo: Esperante
Remate: Baldomir
Distancia lineal: 16 km.
Duración aproximada: 6 horas
Dificultade: Media
Altura máxima: 713 m
Altura mínima: 440 m
Acumul.: ↗511 m / ↘678 m

últimos milenios, xuntándose ademais, dúas rexións bioclimáticas, a eurosiberiana e a mediterránea, que conviven, con resultados espectaculares, os dous tipos de bosque.




Estamos nun territorio onde destaca a xestión integrada, participativa e sostible do patrimonio e dos recursos naturais.

Aquí os ecosistemas encerran valores ecolóxicos e paisaxísticos, pero tamén valores culturais e educativos. Bidueiros, carballos, castiñeiros, teixos, cortizas, acompañarán o paso do visitante ao cruzar sobre lugares tan máxicos como a Fonte do Cubo, o Muíño de Pedrodaira, O Castro de Santalla, as Cabanas de Pamparón, O Souto de Motad, as Ferrerías de Locay ou de Seoane, a Ponte Traspando ou o Castro Vilar.

tións, en que a gran parte do territorio que atravesa está catalogado como espazo natural protexido de Galicia.

Discorre tamén por territorios que integran a Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario e que foron declarados Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Este é o aval da gran biodiversidade do percorrido, no que podemos atopar especies de flora e fauna dos



**Próxima cita:**  
25 Febreiro  
Cea de Carnaval



**O Carroucho**  
www.carroucho.org

